



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1716/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 23 de XULLO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e tres de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(574).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(575).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 11,11A/2024. EXPTE. 86/142.**

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2024, asinado polo director superior contable e orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Asunto:** Modificación de crédito financiada co recurso financeiro RLTGG/2023

**Orixe do Remanente líquido de Tesourería:** Liquidación do Orzamento do ano 2023

**Orzamento de aplicación:** Ano 2024

**Modificación orzamentaria, nº:** 11, 11A/2024

**Expediente que fundamenta a modificación, expediente nº:** 86/142, relacionados cos expedientes 10055/335 (festas), 4625/449 (Fomento, TUC), 2042/441 (Fomento, proxectos), documento n.º: 240154717 (cultura), 11905/3307 (P. Histórico), 11933/307 (P. Histórico), Fomento-Patrimonio, 4723/449 (Aparcadoiros)

**Programa que xestiona os Empregos:** Servizo de Festas, Cultura, Patrimonio e Fomento

**Modificación de crédito:** Modalidade: Crédito Extraordinario e Suplemento de crédito:

Crédito extraordinario: 30.533.566,32 euros.

Suplemento de crédito: 1.324.700,81 euros.

**Importe total:** 31.858.267,13 euros.

**Capítulos de Gasto, empregos:**

Capítulo 2: 12.654.310,40 euros.

Capítulo 4: 72.600 euros.

Capítulo 6: 19.131.356,73 euros.

**Órgano competente:** Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

**Antecedentes**

Resolución da Alcaldía de 27/07/2024, de incoación do expediente coa memoria xustificativa incluída.

Xustificación da modificación, polos servizos técnicos de Festas, Cultura, Fomento e Patrimonio Histórico. Fomento tamén tramita a Sentenza 216/2024 de liquidación pola



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

Resolución do Contrato de Cocheras Olívicas de Puentes, e a compensación dá concesionaria do Transporte Urbano Colectivo (TUC), con causa na emerxencia sanitaria dos anos 2021-2022

Sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra de 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022, condenando ao Concello a abonar a cantidade de 168.604,24 euros polas débedas ante a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) máis 50.580 euros que se fixan provisionalmente en concepto de xuros que se poidan devengar e costas (219.184,24 euros).

Liquidacións pendentes de facturar pola SGAE dos anos 2020-2023, por unha contía de 327.495,59 euros.

Crédito extraordinario coa SGAE, 546.679,83 euros.

Sentenza do TSJ , nº 216/2024 de apelación á sentenza n.º 00224/2023 do Contencioso Administrativo n.º 1 de Vigo, por un importe de 6.884.886,73 euros, pola resolución do contrato dos aparcadoiros de Castela, Genaro de la Fuente e Rosalía Castro. Nesta contía está xa incluída a liquidación de xuros até o 31 de outubro.

Con data 18/11/2021, foi abonada a Cocheras Olívicas de Puentes, SAU, a contía de 8.310.863,55 euros, 7.651.450,06 euros de principal e 659.413,49 de xuros.

Este contrato que foi resolto pola liquidación da Sociedade Cocheras Olívicas de Puentes, SAU polo concurso de acredores presentado pola mesma.

O contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de maio de 2007.

Sentenza 526/2023 do TSXG, pola contía de 1.166.144,81 euros, aínda que non é firme, é necesario dotar o crédito para facer fronte a mesma sen non se admite a casación, que se producirá no transcurso do ano 2024, evitando de esta forma, que xere xuros de mora por falta de crédito.

Adquisición e colocación dunha escultura na Alameda de Vigo no segundo aniversario do falecemento do escritor Domingo Villar, 120.000,00 euros.

Liquidación proxectos: Certificacións finais, 1.441.595,44 euros.

Liquidación proxectos: Revisións excepcionais de prezos (RD-lei 3/2022), 1.112.140,31 euros.

Novas humanizacións e outros proxectos xestionados por Fomento: 8.090.755,61 euros.

Compensación TUC, emerxencia sanitaria dos anos 2021-2022, 12.107.630,57 euros.

Crédito extraordinario de Patrimonio Histórico:

a) Para acometer a reforma da fachada dun local Municipal na Praza da A. Fonte por unha contía de 140.833,83 euros,

- b) 72.600 euros para o estudo da posta en valor do Xardín Histórico de Castrelos.
- c) Suplemento de Crédito para a conexión acometida de saneamento e liquidación das obras de rehabilitación do Pazo da Raposeira por un importe de 175.000,00 euros.

### **Xustificación**

Sentenza execución de títulos xudiciais nº 78/2023 do Xulgado do Mercantil Nº 3 de Pontevedra, na que se condena ao Concello ao pago de 168.604,24 euros máis 50.580 euros que se fixan provisionalmente en concepto de xuros que se poidan devengar e costas, ( total 219.184,24 euros).

Liquidacións da SGAE correspondentes ao período 2020-2023, por unha contía de 327.495,59 euros pendentes de tramitar e de facturar pola SGAE.

Sentenza 526/2023 do TSXG, pola contía de 1.166.144,81 euros do Paseo Marítimo de Bouzas, aínda que non é firme, é necesario dotar o crédito para afrontar se fose o caso, a inadmisión a casación no transcurso do ano 2024.

Sentenza do TSJ, nº 216/2024 de apelación á sentenza n.º 00224/2023 do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, por un importe de 6.884.886,73 euros, pola resolución do contrato dos aparcadoiros de Castelao, Genaro de la Fuente e Rosalía Castro pola resolución do concurso de acredores da empresa Cocheras Olívicas de Puentes, SAU.

Adquisición e colocación nun espazo público da cidade dunha escultura polo segundo aniversario do falecemento do escritor Domingo Villar, cuxo custe é de 120.000,00 euros.

Liquidación de obras dos proxectos que se relacionan na táboa dos empregos e revisións excepcionais de prezos por aplicación do RD-I 3/2022, por unha contía de 2.553.735,75 euros.

Compensación por perdas dos anos 2021-2022, con causa na emerxencia sanitaria nos usos do Transporte Urbano Colectivo (TUC), en consideracións aos informes xustificativos internos e externos, por unha contía de 12.107.630,57 euros, que non pode ser obxecto de aprobación a devandita compensación por non existir crédito dispoñible no Orzamento vixente para esta finalidade, segundo se fai constar nos informes emitidos pola Intervención Xeral Municipal.

Esta compensación, dado o tempo transcorrido no proceso de verificación da situación económica financeira da prestación, informes externos solicitados, informes internos, e por suposto, todas as comprobacións que garanten que a cuantificación da mesma está dentro dos parámetros tanto legais como económicos que atenden a situación da viabilidade da prestación do servizo (relación custe da prestación cos medios obrigatorios e ingresos da prestación), dilatou no tempo a aprobación da contía a compensar, polo que, agora resulta máis que xustificado inaprazar este gasto un ano máis.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

Segundo se fai constar no expediente 11905/307 e 11933/307, as necesidades son inaprazables:

- a) Para acometer a reforma da fachada dun local Municipal na Praza da A. Fonte por unha contía de 140.833,83 euros,
- b) 72.600 euros para o estudo da posta en valor do Xardín Histórico de Castrelos.
- c) Suplemento de Crédito para a conexión acometida de saneamento e liquidación das obras de rehabilitación do Pazo da Raposeira por un importe de 175.000,00 euros.

Novas humanizacións e proxectos do Vigo Vertical por unha contía de 8.090.755,61 euros, cuxa xustificación faise constar na memoria da Área de Fomento.

*Xustificación da insuficiencia de recursos para atender os empregos que se pretenden.*

Sentenza e liquidacións pendentes do Servizo de Festas fronte a SGAE.

a) Sentenza de execución de títulos xudiciais 78/2023 do Xulgado do Mercantil Nº 3 de Pontevedra, na que se condena ao Concello ao pago de 168.604,24 euros máis 50.580 euros que se fixan provisionalmente en concepto de xuros que se poidan devengar e costas ( total 219.184,24 euros).

b) Liquidacións pendentes coa SGAE dos anos 202-2023 (327.495,59 euros).

A SGAE coa carta Refª:1256345/YO3, pon en coñecemento do Concello de Vigo, que están pendentes de facturar os dereitos de autor desde agosto do ano 2020 a decembro 2021, estando igualmente pendentes de facilitar información dos anos 2022 e 2023, segundo se fai constar no expediente, a contía pendente de facturar é de 327.495,59 euros .

No programa 3380 non existe crédito para esta finalidade, xa que as dotacións previstas no Orzamento aprobado con data 27 de decembro de 2023, non ten previsto contía algunha para atender esta reclamación, polo que é preciso dotar a aplicación 3380.2260905 (sentenza SGAE máis atrasos), cunha contía de 546.679,83 euros.

c) Liquidación de obras correspondentes a varios proxectos que se relacionan na táboa de empregos e revisións excepcionais de prezos por aplicación do RD-lei 3/2022, nas aplicacións que se relacionan, por unha contía de 2.553.735,75 euros.

As liquidación de proxectos está dentro dos límites previstos no artigo 242.4 da Lei 9/2017, LCSP e as revisións excepcionais de prezos regulamentadas no artigo 6 e 7 e os criterios do artigo 8 do RD-lei 3/2022.

A modificación de orzamentos 7/2024, de incorporación de remanentes de crédito, incorporou na aplicación 1532.6090063, proxecto 20153263, a contía de 142.062,55 euros e

na aplicación 9330.6320010, proxecto 1493310, a contía de 223.653,27 euros, que resultan insuficientes para facer fronte ao gasto de liquidación dos mesmos e a revisión extraordinaria de prezos.

Os créditos previstos inicialmente no proxecto 22153235 por unha contía de 90.000, euros, e no proxecto 14933010, por unha contía de 300.000 euros, non son suficientes, esta contía está prevista inicialmente para o proxecto da grada Gol, que está en licitación con financiamento do Concello e da Deputación Provincial de Pontevedra, de aí, que non se compute aos efectos da revisión de prezos das obras da grada de Marcador.

Non existe nos programas 1532, 1539 e 9330, capítulo 6, créditos para as finalidades previstas tanto no Crédito extraordinario como no Suplemento, ou as existentes, resultan insuficientes, polo que resulta necesario a tramitación dun crédito extraordinario e un Suplemento de crédito nas aplicacións que se reflicten na táboa pola contía de 2.553.735,75 euros.

Queda xustificado o carácter concreto e específico do gasto.

d) As necesidades que xustifica o Servizo de Patrimonio Histórico por unha contía de 213.433,83 euros, non dispoñen de crédito no programa orzamentario 3360 para facer fronte ás obras de mellora do edificio municipal da Praza da Fonte coa rúa Santiago (140.833,83 euros) e o convenio para posta en valor do Xardín Histórico de Castrelos coa Fundación Juana Vega (72.600,00 euros).

Dentro do mesmo programa, tamén require recursos para conexión das redes de subministro de abastecemento e saneamento, obra civil externa co Pazo da Raposeira por un importe de 175.000,00 euros, xustifícase que non pode ser demorada por estar previsto o remate e entrega das obras no ano 2024, non existindo crédito no programa 3360 para afrontar esta necesidade suplementaria.

e) Tal e como se fai constar na memoria e nos informes que constan no expediente, a compensación á concesionaria do Transporte Urbano Colectivo (TUC) pola emerxencia sanitaria dos anos 2021-2022, por unha contía de 12.107.630,57 euros, non ten crédito no Orzamento vixente. No programa 4411, non existe crédito para afrontar esta compensación, a insuficiencia e manifesta.

f) Dar cumprimento á Sentenza do TSJ, nº 216/2024 de apelación á sentenza nº 00224/2023 do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, por un importe de 6.884.886,73 euros (principal máis xuros), pola resolución do contrato dos aparcadoiros de Castelao, Genaro de la Fuente e Rosalía Castro pola resolución do concurso de acredores, trátase dunha contía adicional, xa que foron pagados 7.651.450,06 euros de principal e 659.413,49 de xuros.

En relación coa resolución deste contrato por imperativo legal, con data 18/11/2021, pagouse a contía acordada pola Xunta de Goberno, de 7.651.450,06 euros de principal e 659.413,49 euros de xuros.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

Este contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local o 21 de maio de 2007.

No programa 9330, non existe dotación para esta finalidade, polo queda xustificada a insuficiencia de crédito no devandito programa.

g) Sentenza 526/2023 do TSXG, pola contía de 1.166.144,81 euros do Paseo Marítimo de Bouzas, aínda que non firme, é necesario dotar o crédito para afrontar se fose o caso, a inadmisión a casación dentro do ano 2024 e poder facerlle fronte dentro do exercicio e evitar un custe adicional por xuros de mora.

h) En relación cos novos proxectos por unha contía de 8.090.755,61 euros, que resultan empregos da Área de Fomento por unha contía de 7.119.727,98 euros, para as obras de Humanización da Rúa Lepanto, Rampas de Pintor Colmeiro, Rampas de Pintor Lugris, Humanización entre G. Barbón e Halo, Deportes por 832.342,70 euros para a cubrición da pista deportiva de Zamáns e Patrimonio para a reforma das instalacións da Policía Local por un importe de 138.684,93 euros, non hai nos respectivos programas orzamentarios, dotacións suficientes para esta finalidade, nin a nivel partida nin na bolsa de vinculación xurídica dos créditos (Programas, 1532, 1539, 3420, 9330), polo que queda xustificada a necesidade.

### *Inaprazabilidade do gasto*

En canto á inaprazabilidade do gasto, esta ven determinada pola execución das sentenzas, por ter transcorrido en algún dos casos máis de 3 meses dende a súa notificación que regula o artigo 106 da Lei 29/1988, de 13 de xuño, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa e artigo 173 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra de 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022 da SGAE.

Sentenza do TSJ , nº 216/2024, Cocheras OLIVICAS DE PUENTES SAU, resulta ineludible, non cabe a inaprazabilidade do gasto por ser firme e por estar a xerar xuros de mora.

Sentenza 526/2023 do TSXG, pola contía de 1.166.144,81 euros do Paseo Marítimo de Bouzas, aínda que non firme, é necesario dotar o crédito para afrontar se fose o caso, a inadmisión a casación dentro do ano 2024 e evitar un prexuízo económico polo devengo de xuros de mora.

Estamos pois nunha necesidade non aprazable ao ano 2025, sendo o obxectivo o seu pagamento no ano 2024, unha vez que a modificación orzamentaria sexa executiva.

Resulta inaprazable a adquisición e instalación da escultura, segundo se fai constar na memoria do servizo xestor de Cultura, xa que neste 2024 celébrase o segundo aniversario

do falecemento do escritor Domingo Villar polo que se considera que a adquisición e instalación da escultura en espazo público, como recoñecemento á súa figura e traxectoria, non debe demorarse xa que perdería o seu obxectivo e alcance social e cidadán, unha vez nomeado vigués distinguido no ano 2023.

En relación ás liquidacións, certificación final e revisión de prezos previstas dos distintos proxectos que se relacionan na táboa dos empregos, a súa inaprazabilidade ten causa na recepción das obras e na medición xeral, que en cumprimento do previsto no artigo 243 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, debe producirse dentro dos tres meses contados a partir da recepción, condición legal que xustifica a inaprazabilidade do gasto.

Así mesmo, resulta inaprazable a execución das mesmas que queda cuberta pola aplicación do RD-lei RD-lei 3/2022 e o dereito do contratista á revisión excepcional de prezos.

Queda xustificada na memoria de Fomento, a inaprazabilidade dos empregos de novos proxectos, xustificando esa necesidade de recursos no ano 2024, pola licitación e execución parcial no transcurso do ano 2024. E algún dos proxectos, si se obtivese cofinanciamento doutros axentes públicos, faríase o preceptivo axuste no tipo de financiamento, incorporando o novo axente.

En canto á compensación do servizo de TUC, a inaprazabilidade ten causa nas perdas dos anos 2021-2022, que até agora, non foi posible a súa tramitación ao non estar a totalidade dos informes necesarios para poder facer unha proposta obxectiva, en consecuencia, a inaprazabilidade da compensación está máis que xustificada, así o pon de manifesto a memoria xustificativa do servizo xestor.

En relación coas necesidades do Servizo de Patrimonio Histórico, achegan a xustificación coa fundamentación que se fai constar nos expedientes 11905/307 e 11933/307.

Nas memorias que xustifican a Resolución de inicio do expediente, abúndase na motivación da tramitación do expediente en cada caso en relación coas necesidades a satisfacer.

En canto aos novos proxectos, unha vez adoptada a decisión de oportunidade dos empregos, a memoria xustifica a necesidade da tramitación, adxudicación e execución parcial no ano 2024, polo que se dotan os créditos necesarios para dar cumprimento á oportunidade do gasto.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, a inexistencia de crédito para facer fronte ás necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

## **Normativa de aplicación**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolución de delegación de competencias: Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.

Bases de Execución do Orzamento.

### **Reactivación das regras fiscais**

Na Comunicación da Comisión Europea ao Consello de 8 de marzo de 2023, apartado 5, establécese a retirada da cláusula xeral de salvagarda a partires de finais de 2023. En consecuencia, as regras fiscais aplicables ás Administracións Públicas españolas quedan reactivadas para 2024, quedando estas obrigadas a seu cumprimento.

En consecuencia, as normas sobre o cumprimento da Estabilidade Orzamentaria, ateranse ao previsto na normativa vixente, Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

### **Estabilidade Orzamentaria**

Ao ser rexeitado polo Senado o Acordo do Consello de Ministros de 12/12/2023, que se informou á CNAL en sesión do 11/12/2023, aos efectos das regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2024 en equilibrio ou superávit.

As normas sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria, prazo dos PEF e outros aspectos relacionados coas regras fiscais, con toda seguridade estarán sometidos a cambios polos acordos da Comisión Europea e do Consello, que serán traspostos ao ordenamento xurídico interno, neste caso, á Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, de aplicación case con toda seguridade, no ano 2025.

**Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, sen aprobar polas Cortes.**

	2025	2026	2027
Subsector local	0,00%	0,00%	0,00%

### **Regra de gasto**

En canto ao teito de gasto, a evolución do mesmo será a recomendación da Comisión Europea a España, pola cal se pide que sexa do 2,6% do PIB como máximo para o ano 2024.

Non está fixada cal é a base de cálculo, neste sentido as distintas ponencias e a propia posición do Ministerio de Facenda non oficial en relación con este asunto, é que se aplique sobre o gasto non financeiro liquidado do Orzamento do ano 2023 cos axustes que están previstos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

As taxas de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española foron establecidas polo Ministerio de Economía, Comercio y Empresa, publicadas no informe de situación da economía española, en base ao artigo 12.3 da LOEPSF .

A variación do gasto computable para todas as AAPP non poderá superar as taxas de referencia do PIB.

	<b>2024</b>	<b>2025</b>	<b>2026</b>
Regra de gasto para o conxunto das AAP	2,60%	2,70%	2,80%

Para o ano 2024 a variación é do 2,6% sobre o gasto non financeiro liquidado no ano 2023, e non se dispón doutra información sobre os posibles cambios para o ano 2025 nin a transposición a normativa interna do acordo que adopte a Comisión e o Consello.

**Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, sen aprobar polas Cortes.**

	<b>2025</b>	<b>2026</b>	<b>2027</b>
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

### **Endebedamento**

Este é o principal obxectivo da Comisión, o control do endebedamento. O artigo 13 da LOEPSF, fixa o límite global da débeda do conxunto das AAPP no 60% do PIB, repartido entre os distintos subsectores: 44% Administración Central, 13% CCAA e 3% para o conxunto das entidades locais.

Ao peche do ano 2023, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 107,7%, do que, o 22,2% corresponde ás CCAA e o 1,6% ás EELL.

Obxectivo

Segundo o acordo do Consello de Ministros do 12/12/2023, é o seguinte:

	<b>2024</b>	<b>2025</b>	<b>2026</b>
Sector público			
Subsector local	1,40%	1,30%	1,30%
Conxunto das AAPP	106,30%	105,40%	104,40%
Débeda segundo o Protocolo de Déficit Excesivo, % do PIB			

**Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, sen aprobar polas Cortes.**

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%

### **Liquidación Orzamentaria do ano 2023 do Grupo Concello de Vigo**

O superávit do Grupo Concello de Vigo (Entidade Matriz, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO e Fundación CONVENTION BUREAU), foi de 6.217.728,84 euros.

Si o artigo 32 da LOEPSF, estivese activado no ano 2023, o superávit habería que destinalo á amortización dos pasivos financeiros que estivesen vivos.

O Grupo Concello de Vigo, non ten débeda financeira viva, polo que, o artigo 32 da LOEPSF non ten aplicación ao Grupo de consolidación.

Tampouco está prorrogada para o ano 2024 a DA 6ª da LOEPSF, que require a tramitación e aprobación dun RD-lei, polo que, non é aplicable o superávit ao financiamento de Investimentos Financeiramente Sostibles (IFS), cuxos empregos non computarían no cálculo da Regra de Gasto, polo tanto, o RLTXG ten unha aplicación libre, aínda que, sempre dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, que de non cumprirse no ano 2024, aplicaranse as medidas correctivas e coercitivas previstas na LOEPSF.

### **Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2023.**

O RLTXG, constitúe un recurso de financiamento de modificacións de crédito. A dispoñibilidade será a que resulte de deducir do remanente inicial as contías destinadas a financiar modificacións do orzamento de gastos. En ningún caso, o RLTXG pode formar parte das previsións iniciais de ingresos, en consecuencia, non pode financiar créditos iniciais (artigo 104 do RD 500/1990).

<b>LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA 2023</b>		
<b>Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2023</b>	<b>Utilizado</b>	<b>Dispoñible</b>
Inicial (A)		<b>140.967.988,12</b>
Modificación incorporación de remanentes, expediente 276/143,7/24	25.971.465,02	
Modificación de crédito, Cred. Extraord. Supl. Crédito, expediente 86/142	31.858.267,13	
Modificación incorporación de remanentes, expediente 276/143,7A/24	17.254,60	



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

Total remanente utilizado (B)	57.846.986,75
Remanente dispoñible (A-B)	<b>83.121.001,37</b>

O artigo 177 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que un dos recursos financeiros para o financiamento dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito, é o RLTX

### **Expediente que se tramita**

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente 86/142 de modificación orzamentaria nº (11,11A/2024), Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo do Servizo de Festas dá necesidade técnica e económica de dotar de financiamento unha aplicación orzamentaria por unha contía de 546.679,83 euros para afrontar a Sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra de 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022, declarando a obriga do Concello de Vigo de abonar a Sociedade General de Autores e Editores a contía de 219.184,24 euros así como a liquidación de atrasos que comunicou a SGAE por unha contía de 327.495,59 euros dos anos 2020-2023, tendo dispoñibilidade de recursos financeiros para afrontar o emprego no recurso financeiro que conforma o RLTX da Liquidación do ano 2023.

Informe da Área de Fomento sobre a necesidade de crédito para facer fronte á Liquidación das obras de Proxectos e a liquidación das revisións excepcionais de prezos en aplicación do RD-lei 3/2022.

Liquidación proxectos: Certificacións finais, 1.441.595,44 euros.

Liquidación proxectos: Revisións excepcionais de prezos (RD-lei 3/2022), 1.112.140,31 euros.

Informe da Área de Cultura sobre a necesidade de adquisición e colocación dunha escultura na Alameda de Vigo para honrar o aniversario do falecemento do escritor Domingo Villar, por unha contía de 120.000,00 euros.

Informe xustificativo da Área de Fomento sobre a compensación da prestación do servizo de TUC, por unha contía de 12.107.630,57 euros.

Novos proxectos que se consideran necesarios para seguir no proceso de mobilidade urbana sostible. Os empregos da Área de Fomento por unha contía de 7.119.727,98 euros, teñen a súa aplicación nas obras de Humanización da Rúa Lepanto, Rampas de Pintor Colmeiro, Rampas de Pintor Lugris, Humanización entre G. Barbón e Halo. Deportes por

832.342,70 euros para a cubrición da pista deportiva de Zamáns e Patrimonio, para a reforma das instalacións da Policía Local por un importe de 138.684,93 euros.

Sentenza do TSJ , nº 216/2024 de apelación á sentenza n.º 00224/2023 do Contencioso Administrativo n.º 1 de Vigo, por un importe de 6.884.886,73 euros, pola resolución do contrato dos aparcadoiros de Castela, Genaro de la Fuente e Rosalía Castro .

Sentenza 526/2023 do TSXG, pola contía de 1.166.144,81 euros, aínda que non é firme, é necesario dotar o crédito para facer fronte a mesma se non se admite a casación, que se producirá no transcurso do ano 2024.

Crédito extraordinario de Patrimonio Histórico:

a) Para acometer a reforma da fachada dun local Municipal na Praza da A. Fonte por unha contía de 140.833,83 euros,

b) 72.600 euros para o estudo da posta en valor do Xardín Histórico de Castrelos.

c) Suplemento de Crédito para a conexión acometida de saneamento e liquidación das obras de rehabilitación do Pazo da Raposeira por un importe de 175.000,00 euros.

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, o resultado da Liquidación do Orzamento proxectada do ano 2024, unha vez tramitada a modificación orzamentaria 7/2024 e a que se está tramitando 11,11A/2024, tendo en consideración as ratios de execución previstas, conclúese que a liquidación Orzamentaria do ano 2024, vai dar cumprimento aos obxectivos das regras fiscais se son reactivadas e aplicables ao ano.

Achégase no expediente, o proxecto de liquidación do Orzamento 2024 do Grupo Concello de Vigo, onde se inclúe a modificación en trámite, dando cumprimento aos obxectivos das regras fiscais, sempre tendo en conta as ratios de execución previstas, que resulta da serie histórica, así como das previsións de liquidación do estado de ingresos.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2024 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

### **Período medio de pago.**

É obrigatorio que os pagos a provedores pola débeda comercial, se faga nun prazo inferior a 30 días dende a conformidade da factura.

En relación con PMP, faise constar que o período medio de pagos está dentro do legalmente previsto, sendo o prazo medio do ano 2023 inferior a 10 días naturais, e que no



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

mes de xaneiro a xuño de 2024, os prazos de pago do grupo foron os seguintes: Xaneiro 10,3 días, febreiro, 6,71 días, marzo, 19,08 días, abril, 18,14 días, maio 8,59 días e xuño 7,51 días.

O PMP non forma parte das regras fiscais (Estabilidade, teito de gasto, endebedamento), aínda que é unha consecuencia, a aplicación do RLTGX vai a xerar empregos que requiren o seu pagamento, se a entidade non ten capacidade para facer fronte aos pagos dentro dos 30 días, os novos pagos que xurdan da aplicación do RLTGX, vai a xerar máis estrés na liquidez. Non é o caso do Concello de Vigo, que fai fronte a seu pagamento en prazo, e a liquidez do ente, permítelle garantir o cumprimento deste requisito.

Faise constar, que da liquidación do Orzamento do ano 2023, púxose de manifesto una Aforro Neto positivo.

En consecuencia, dáse cumprimento a todos os requirimentos legais:

- a) Hai necesidade de facer fronte aos gastos que conforma esta modificación orzamentaria no ano 2024, queda acreditada a inaprazabilidade dos empregos.
- b) Non hai crédito no estado de gastos do orzamento vixente, ou este é insuficiente para afrontar as necesidades contidas no expediente nº 86/142.
- c) A proxección da Liquidación dos orzamentos do ano 2024 do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, informa sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais (superávit e cumprimento da regra de gasto) de acordo á senda prevista para o ano 2024.
- d) Hai recurso financeiro dispoñible (RLTGX) para facer fronte aos empregos previstos no expediente 86/142.
- e) Hai cumprimento do Período Medio de Pagos, facéndose os pagos nun prazo moi inferior que o previsto no Real Decreto 635/2014.
- f) A Liquidación Orzamentaria do ano 2023, xerou una aforro neto positivo.
- g) O Grupo de Consolidación non ten pasivos financeiros pendentes de amortizar.

Á vista da documentación contida no expediente, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

**Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 11,11A/2024 por unha contía de 31.858.267,13 euros, Crédito Extraordinario por unha contía de 30.533.566,32 euros e Suplemento de Crédito por unha contía de 1.324.708,81 euros, correspondente ao expediente 86/142, para facer fronte a inexistencia ou insuficiencia de créditos que se relacionan na táboa, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada nas memorias xustificativas, tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta ou insuficiencia de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2023, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 11,11A/2024.

O artigo 177 do TRLRFL, no seu apartado 4º, establece que o expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento do gasto.

O devandito aumento pódese financiar, entre outros, co recurso financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería.

Aplicación	Proxecto	Emprego	ÁREA	Tipo	C.inicial	I.Remanentes	Modificación	Total ano	Concepto	Importe
4411.2269905		Compensación Vi-trasa 2021/2022, COVID	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	12.107.630,57	12.107.630,57	87000	12.107.630,57
1532.6090063	20153263	Certificación final HALO	Fomento	S.-Cret.	0,00	142.062,55	518.525,71	660.588,26	87000	518.525,71
1532.6090058	20153258	Certificación final Cubrición Tra.Pl.E-migrante	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	18.958,40	18.958,40	87000	18.958,40
1532.6190009	18153209	Certificación final estrada Beade-Garrida	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	267.000,00	267.000,00	87000	267.000,00
1532.6190014	20153214	Revisión prezos RD-lei 3/2022	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	35.613,72	35.613,72	87000	35.613,72
1532.6190038	24153238	Humanización Rúa Lepanto	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	1.146.686,64	1.146.686,64	87000	1.146.686,64





**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1716/1102

Aplicación	Proxecto	Emprego	ÁREA	Tipo	C.inicial	I.Remanentes	Modificación	Total ano	Concepto	Importe
1532.6190041	24153241	Humanización S. Avendaño G.Barbón- Halo	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	1.768.159,63	1.768.159,63	87000	1.768.159,63
1532.6190061	20153261	R. excepcional prezos G.Barbon	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	105.271,43	105.271,43	87000	105.271,43
1532.6190068	20153268	Certificacion final estada Campo Amor	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	41.832,09	41.832,09	87000	41.832,09
1532,62	20153283	Certificacion final P.Saavedra Fase II	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	7.815,18	7.815,18	87000	7.815,18
1532.6190085	20153285	R. excepcional prezos G.Espino	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	114.171,80	114.171,80	87000	114.171,80
1532.6190086	20153286	Rev prezos RD-lei 3/2022R.Aragón	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	42.363,46	42.363,46	87000	42.363,46
1532.6190088	20153288	Certificacion final J.Menguillon-V.Alegre	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	15.561,79	15.561,79	87000	15.561,79
1532.6190089	20153289	Rev. prezos RD-lei 3/2022 R.Colombia	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	49.248,60	49.248,60	87000	49.248,60
1532.6190095	24153295	Sent. 526/2023 Paseo Marítimo de Bouzas	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	1.166.144,81	1.166.144,81	87000	1.166.144,81
1532.6190060	20153260	Certificación final Rúa Tercio de Afora	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	28.147,53	28.147,53	87000	28.147,53
1539.6090063	20153963	Rev. prezos RD-lei 3/2022 Ascensor Estación	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	61.515,69	61.515,69	87000	61.515,69
1539.6090069	24153969	Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Colmeiro	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	2.629.650,26	2.629.650,26	87000	2.629.650,26
1539.6090070	24153970	Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Lugrís	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	1.575.231,45	1.575.231,45	87000	1.575.231,45
1539.6190061	20153961	Rev. Prezos, RD-lei 3/2022 Rúa Talude	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	72.780,51	72.780,51	87000	72.780,51
1650.6190061	20165061	Remate plan de eficiencia enerxética	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	385.000,00	385.000,00	87000	385.000,00
2310.6320010	21231010	Reestr. At.Scoial Prz.Princeesa	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	121.500,00	121.500,00	87000	121.500,00
2310.6320011	21231011	Rehab. Edf. Rúa Alta 23	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	37.254,74	37.254,74	87000	37.254,74
9330.6320010	14933010	R. excepcional prezos Est.Balaidos	Fomento	S.-Cret.	300.000,00	223.653,27	631.175,10	1.154.828,37	87000	631.175,10
3340.6890000	24334000	Escultura de Domingo Villar	Cultura	C.Ext	0,00	0,00	120.000,00	120.000,00	87000	120.000,00
3360.4800000		Convenio posta en valor X.H.Castrelos	Museos	C.Ext	0,00	0,00	72.600,00	72.600,00	87000	72.600,00
3360.6320010	24336010	L. Municipal Praza da A.Fonte, R.Santiago	P.Histórico	C.Ext	0,00	0,00	140.833,83	140.833,83	87000	140.833,83
3360.6320021	22336021	Acometidas e Liquidación P.Raposeira	P.Histórico	S.-Cret.	465.000,00	1.318.167,73	175.000,00	1.958.167,73	87000	175.000,00
3380.2260905		Sentenza e atrasos SGAE	Festas	C.Ext	0,00	0,00	546.679,83	546.679,83	87000	546.679,83
3420.6220015	24342015	Cuberta pista deportiva en Zamáns	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	832.342,70	832.342,70	87000	832.342,70

Aplicación	Proxecto	Emprego	ÁREA	Tipo	C.inicial	I.Remanentes	Modificación	Total ano	Concepto	Importe
9330.6220060	21933060	Sentenza Cocheras Olívicas de Puentes	Patrimonio	C.Ext	0,00	,00	6.884.886,73	6.884.886,73	87000	6.884.886,73
9330.6320015	24933015	Reforma dependencias Policía Local	Fomento	C.Ext	0	0	138684,93	138.684,93	87000	138.684,93
Total							31.858.267,13			31.858.267,13

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 86/142.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, o Servizo xestor, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, poderá iniciar a tramitación do expediente administrativo de aplicación dos recursos como anticipados de gasto.

SÉTIMO.- Se no transcurso do ano 2024, a Entidade asinase algún convenio de colaboración que incluíse proxectos de investimento que figuran neste expediente, procederase a facer o axuste de créditos, mudando o criterio de financiamento, pasando a ser un investimento cofinanciado, e de ser o caso, a incorporación de remanentes tan só alcanzaría a contía de crédito necesario que xuntamente co cofinanciamento de outro axente, resultase suficiente para afrontar o financiamento do proxecto. Así mesmo, si do proceso de execución desta modificación, resultase que algunha das dotacións non fose necesaria na súa totalidade, non poderá ser utilizada para outra finalidade e tampouco sería incorporable ao ano 2025.

## **ACORDO**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(576).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIAS INTERINAS DE DÚAS DIPLOMADAS EN TRABALLO SOCIAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 44719/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 23/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2024, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Consta no expediente solicitude da área da xefatura da área de Benestar Social conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando a urxente cobertura das prazas vacantes da categoría profesional de Diplomado/a en Traballo Social.

II.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar a incoación do expediente.

III.- Consta informe de verificación administrativa de data 12/07/2023, que inclúe candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 16/07/2024, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino de dúas Diplomadas en Traballo Social con cargo ás prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego correspondentes aos anos 2021 e 2023. (art. 10.1.a) do TREBEP).

V.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

##### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, citada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

*por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de dous Diplomados/as en Traballo Social con cargo ás prazas vacantes incluídas na OEP 2021 e 2023.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 81 – Diplomado/a Traballos Sociais.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 88 do expediente) consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 44413/220 infórmase o seguinte:*

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de diplomados/as traballo sociais por cobertura de vacantes (art. 10.1.a) TREBEP), existe lista de reserva vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como administrativas/os de administración xeral, aos candidatos/as que se relaciona a continuación que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

*Lucía González Lago con DNI \*\*\*6068\*\* (Vacante OEP 2023)*

*Laura Alonso González con DNI \*\*\*8161\*\* (Vacante OEP 2021)*

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia.”*

Apreciado erro material no segundo parágrafo do antedito informe de verificación, debe entenderse, salvo mellor criterio, que a verificación da listaxe de reserva para a cobertura das prazas vacantes obxecto do expediente, refírese aos diplomados/as traballo sociais, tal e como se reflicte no parágrafo primeiro do informe, e segundo a información recollida na sede electrónica do Concello de Vigo.

Os/as aspirantes interesadas/os e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

### **VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 16/07/2024:

*“O custo para 2 postos cod. 81-Diplomado/a Traballo Social, de iniciarse a súa relación o 1/08/2024, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2024:*

<i>S.Base</i>	<i>CD</i>	<i>CE</i>	<i>Paga extra dec.</i>	<i>S. social empr.</i>	<i>Total/posto</i>	<i>Total 2 postos</i>
<i>5.736,75 €</i>	<i>3.705,75 €</i>	<i>6.418,80 €</i>	<i>2.643,55 €</i>	<i>5.880,84 €</i>	<i>24.385,69 €</i>	<i>48.771,38 €</i>

*Polo que o custo total para dous (2) postos de Diplomado/a Traballo Social cod. 81 sería de 48.771,38 €” .*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

*a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*

*b) La intervención formal de la ordenación del pago.*

*c) La intervención material del pago.*

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

#### **VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1716/1102

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**"PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 2 Diplomados/as en Traballo Social
- Modalidade legal: funcionarias/os interinas/os para a cobertura de prazas vacantes (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2021 e 2023 (128.2 do TRRL), salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: Benestar Social
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: O custo para 2 postos cod. 81-Diplomado/a Traballo Social de iniciarse a súa relación o 1/08/2024, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2024:

S.Base	CD	CE	Paga extra dec.	S. social empr.	Total/posto	Total 2 postos
5.736,75 €	3.705,75 €	6.418,80 €	2.643,55 €	5.880,84 €	24.385,69 €	48.771,38 €

Polo que o custo total para de 2 Diplomados/as Traballo Social cod. 81 sería de 48.771,38 €.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinas/os con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva das prazas co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do

servizo de Administración Electrónica, como Diplomados/as en Traballo Social aos candidatas/os:

- L. González Lago con DNI \*\*\*6068\*\* (Vacante OEP 2023)
- L. Alonso González con DNI \*\*\*8161\*\* (Vacante OEP 2021)

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez